

segundo
ADRAL

Xosé Filgueira Valverde



Edicións do Castro / ensaio

4. O GALEGO VERDADEIRO.

Contan que a Condessa de Pardo Bazán decía que, cando chegaba a Galicia, sempre escoitaba á xente do señorío as mesmas tres cousas:

—«Este año se perdió la fruta de hueso».

—«Vigo va a ser una gran ciudad».

—«¿Has visto qué delgado está el Marqués de Hombreiro?».

Agora sigue perdéndose a froita de hoso, podemos xa gabarnos de que Vigo sexa unha grande cidade e a xente non latrica dos que devecen, senón dos que engordan. Pro o que se escoita adoito é:

—«Este non é o verdadeiro...».

E dinno, así che ofrezcan unha cunca do mellor albariño, unhas recendentes camoesas, un caldiño de conforto, uns melindres ou unha empanada de raxo. Escóitase tamén das paisaxes, dos moimentos das pezas de arte: «Esas non son verdadeiras rías», «Ese non é o románico verdadeiro», «¿Quién dixo que esto é verdadeiro Buño?». E chega aos creadores literarios: temos unha Rosalía «que non é a verdadeira», «A Virxe do Cristal» non representa ao verdadeiro Curros, nin «A rosa de cen follas» ao verdadeiro Cabanillas. Da Igrexa pra abaixo, dise de canto hai.

As máis das veces a xente non sabe logo decírnos, a dereitas, o que ten por certo, auténtico i enxebre. Compre entender que o punto de mira está tan outo que é un arquetipo, unha idea-mai, inexistente e degoirada, como o «Home» de Platón que andaba

a percurar Diógenes entre os «homes» ca súa lanterna.

Do que máis se escoita é da lingua:

—«Está ben escrito, mais ese non é o verdadeiro galego».

Se a frase fose referida a dialectos do castelán usados en Galicia, como o «castrapo», o «gallegallo», o «pasota»..., ou ás grallas nosas de cada escrito, ou ás verbas do «galego cero» que ceibamos... o que estaría de máis sería o «verdadeiro». Con decir: «Eso non é galego», abonda.

Agora, se o que pedimos aos escritores, vellos ou mozos, neste intre en que a lingua ferve e fumea, é un galego óptimo, acabado, requintado, fixo i «esgrevio», pedimos un imposible. Arríscome a decir que nin o houbo nin o haberá; porque, como en tódolos idiomas, teremos tantos falares como galegofalantes, como escritores, como bisbarras, como quinteiros...

Pra non cargar ca responsabilidade lembrarei que foi Meillet, nada menos, quen dixo que a realización perfecta dunha lingua non se atopa en ningures. E que Vendryes fixo a glosa da frase, engadindo: «Hai moitos homes que falan francés; ningún que fale «o francés» que poida impor, como regra i enxemplo aos demáis. O que nós chamamos «o francés» non existe no linguaxe falado de ningún ser humano. Também é inútil preguntar ónde se fala o mellor francés. O mellor francés é unha «ideia» no senso de que La Gruyère se valía desta verba: É un finximento como o «sabio» dos estoicos que é perfecto, fermoso, bon, san de espírito e de corpo, salvo que, como dixo o outro, lle pique o narís. O mellor francés anda tamén á garra dunha feblez da memo-

ria, dunha pronuncia ruín, dun erro. E un ideal; per-cúrase e non se atopa». Se pode leerse tal cousa dunha das linguas máis traballadas do mundo, ¿qué diríamos da nosa, que pasou catro séculos alonxada do cultivo literario?

Xa no século XVIII, aquel intuitivo filólogo que foi Fray Martín Sarmiento dixera o mesmo, a falar do español: «¿Cuál es el acento propio castellano? Burgos, Valladolid, Salamanca, Avila, Segovia, Toledo, Palencia y Osma son nueve partidos que usan de nueve tonillos diversos. Parece que el acento y tonillo de Madrid, por ser de la Corte, debería ser el acento castellano, y, si alguno no lo es, es el de Madrid. Madrid es una babilonia de lenguas... Así anda el mundo; la mitad se ríe de la otra mitad, por todo lo cual, el título de armonía en tales lenguas es un ente de razón para establecer preferencias de unas a otras». Ou pra alonxarse do seu cultivo, engado eu, por temor a erros e faladuras.

E mester que cada quen se esforce en traballar canto mellor poida a súa seara: o labrador, a cocinera, o artista, o escritor... E, tocantes á fala, que adiquemos unha miguiña de tempo á gramática, que teñamos a man un vocabulario, que escoitemos aos labregos, aos artesáns e aos mariñeiros, e que leamos moito aos «nosos clásicos» que pra eso os temos. Xa que non podemos acadar o «verdadeiro», percuremos o «mellor».

«Ideal Gallego». 29-VII-1979